



UNIDADE 8

Basta xa!

Remita os estudantes á páxina 65, móstrelles a fotografía da portadiña e pregúntelles: **Onde credes que están estas persoas?** Se entre as súas respostas non xorde a palabra **manifestación**, menciónaa vostede e escribaa no encerado.

A continuación, pregúntelles cal consideran que é a finalidade dunha manifestación. Se descoñecen expresións como **protestar ou queixarse por algo, reivindicar, reclamar ou pedir algo**, preséntelleas e aclare o seu significado. Logo, centre a súa atención no título da unidade e pregúntelles: **Cando emprega esa expresión unha persoa?** Ao que deberán contestar algo semellante a: **cando quere rebelarse contra unha situación inxusta ou coa que non está de acordo.**

Por último, coméntelles os obxectivos desta unidade e a tarefa final: redactar un manifesto no que se reivindicquen solucións para unha situación inxusta.



1. TEMAS QUE PREOCUPAN

Falar sobre os problemas que máis lle preocupan á sociedade galega, ler e comentar un estudo sobre o tema.

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado a palabra **enquisa** e pregúntelles aos estudantes se coñecen o seu significado e para que serve. Unha vez aclarado, interétese por saber se algún deles participou algunha vez nunha consulta deste tipo e cal era a súa finalidade.

PROCEDEMENTOS

A. Preséntelles aos seus alumnos o cuestionario que acompaña a actividade, explicándolles que nel figura unha serie de cuestións sociais. Pídalles que sinalen as tres que, na súa opinión, preocupan máis no seu país. A continuación, ánimoos a que comparen as súas hipóteses coas dun compañeiro.

B. Convídeos agora a leren os resultados dunha enquisa que se realizou para coñecer cales son os problemas que máis inquietan os galegos. Ademais, poden comprobar se coinciden cos que marcaron no punto A. Logo, ánimoos a que comenten os resultados entre todos, falando, por exemplo, do que máis os sorprendeu dos resultados e comparando os datos co que pasa no lugar onde viven. Se ten alumnos galegos, pregúntelles se están ou non de acordo coa información da enquisa e por que.

C. Neste ítem, os estudantes van coñecer os problemas concretos que afectan a dúas mulleres galegas de diferentes idades (34 e 66 anos). Pídalles que lean os seus testemuños e que digan cales son as inquietudes de cada unha delas.

Solución

Sabela Gómez Silva: *o custo de vida, os prezos, os salarios*.
Asunción Bravo Carballeira: *os roubos, os asaltos, a inseguridade cidadá*.

D. Para rematar, pregúntelles aos seus alumnos cal é o problema que máis lle preocupa a cada un deles e por que. Poden comentalo en parellas ou en grupos de tres e, logo, propóñalles unha posta en común para que se coñezan todas as opinións.

E DESPOIS

Se considera que os estudantes necesitan un traballo complementario de fixación e ampliación de vocabulario, entréguelles unha fotocopia do cadro da **ficha 27** e pídalles que o completen. Logo, leve a cabo unha posta en común, na que, a partir de exemplos ilustrativos, se comenten os significados e os contextos de uso de cada unha das palabras.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 107, exercicio 6.

2. MANIFESTACIÓNS

Escoitar as declaracións dos participantes de tres manifestacións e definir o que se pide en cada unha. Opinar sobre as actitudes dos manifestantes. Mostrar acordo ou desacordo cunhas opinións.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

No ítem C, aparece o presente de subxuntivo por primeira vez no curso. Se lle parece necesario, coméntelles aos seus alumnos que se trata dun modo e dun tempo verbal novo e axúdeos coas formas que precisen para realizaren o exercicio. Na actividade 3, verán en profundidade como se forma, polo que lle recomendamos que, de momento, tente unicamente que os estudantes observen o emprego do presente do subxuntivo nas frases temporais con **cando**, con referencia a un momento futuro.

ANTES DE COMEZAR

Recórdelles aos seus alumnos a foto da portadiña, páxina 65, para introducir o tema das manifestacións.

Escriba no encerado a palabra **manifestación** e pregúntelles aos seus alumnos: **Como se denominan as persoas que participan nunha manifestación?** Escoite as súas respostas e, de ser necesario, proporciónelles a resposta: **manifestantes**. A continuación, pídalles que, en parellas, escriban todas as palabras que asocien cunha manifestación. Realice logo unha posta en común e, se non o fan os estudantes, propóñalles as seguintes palabras: **pancarta, rúa, xente, xuntanza, policía, gritos, lema, manifesto, percorrido, protestar, reivindicar, pedir e disolver**.

PROCEDEMENTOS

A. Dígalles aos seus alumnos que nunha cidade galega están tendo lugar tres manifestacións distintas e que un reporteiro dun programa de radio estivo falando con algúns dos participantes. Pídalles que escoiten as súas declaracións e que marquen cales son as súas reivindicacións.

Solución

1. *Queren ocupar as casas que están baldeiras.*
2. *Piden que o Goberno legalice os inmigrantes sen papeis.*
3. *Esíxenlle ao Goberno que free o despoboamento do rural.*

B. Anímoos agora a que comenten entre todos os motivos de cada unha das manifestacións. Fágalles preguntas como: **Parécevos xusto o que piden os manifestantes? Credes que teñen razón en todos os casos? Estadés a favor ou en contra das súas reivindicacións?** Organice ou ordene as intervencións, de xeito que todos poidan participar e segundo o tempo do que dispoña para a realización da tarefa. Recondúza o debate no caso de que se produzan enfrontamentos dialécticos entre os alumnos ou se xorden opinións inaceptables.

C. Remita agora os seus alumnos ás opinións que deron tres expertos sobre un dos temas abordados no punto A. Pídalles que as lean e que comenten en parellas a que tema se refire. Deseguida, pídale a unha das parellas que dea a solución sobre o tema ao que se refiren os expertos (*a inmigración*).

A continuación, pregúntelles cal das afirmacións que acaban de ler lles parece máis atinada e fomenta un pequeno debate no grupo. Pode comezar unha parella dando o seu punto de vista e os demais dirán se os apoian ou se non están de acordo, achegando os seus argumentos.

E DESPOIS

Propóñalles aos seus alumnos a lectura do texto que aparece na **ficha 28**, no que figuran algunhas manifestacións que ocorreron en Galicia.

Logo da lectura, pídalles que, en parellas ou en grupos de tres, discutan cales dos asuntos abordados teñen máis interese e que, logo, xustifiquen a súa clasificación. Ademais, pregúntelles en que casos cren que a manifestación ten sentido, en cales non e por que.



3. REIVINDICACIÓNS

Asociar unha serie de reivindicacións cos colectivos que as defenden. Coñecer a morfoloxía do presente de subxuntivo.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Se lle parece oportuno, explíquelles aos estudantes que o emprego do presente de subxuntivo que van ver nesta actividade é diferente do da anterior.

A fase previa á resolución da actividade proposta en “Antes de comezar” pretende simplemente que os seus alumnos comenten os problemas que se presentan, polo que lle suxerimos que non lles ofrezca a solución ata que realicen a posta en común correspondente ao ítem A.

Como no libro do alumno as reivindicacións non aparecen numeradas, a numeración que figura na proposta de solución corresponde á orde de aparición de cada unha.

ANTES DE COMEZAR

Dirixa a atención dos estudantes ás reivindicacións que ilustran a actividade e pídalles que as lean. Deseguida, propóñalles que, en parellas, tenten determinar con que ámbito está relacionado o problema que as orixina.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos estudantes que, individualmente, asocien as reivindicacións que acaban de comentar cos colectivos que as expresaron. Logo, compararán os seus resultados cos do compañeiro co que traballou previamente e, por último,

levarán a cabo unha posta en común, na que se recollerán as solucións para as preguntas formuladas na actividade.

Solución

1. *Asociación de xubilados*; 2. *Asociación de desempregados*
3. *Grupo feminista* ; 4. *Grupo pacifista*; 5. *Asociación de veciños*

B. Pregúntelles que teñen en común as frases do ítem anterior. Indíquelles que o fagan individualmente, pero permítalles que comparen a súa resposta coa dun compañeiro antes da posta en común.

Solución

Todas expresan reivindicacións. (Acepte tamén que poden expresar reclamacións ou desexos; que as persoas que as proferiron queren algo doutros...)

Dirixa agora a súa atención ás estruturas subliñadas e pídalles que expliquen cando aparece unha construción con infinitivo e cando unha con presente de subxuntivo.

Solución

Con infinitivo: *queremos ter.* (*O suxeito do verbo principal e o do infinitivo son o mesmo.*)

Con presente de subxuntivo: *esiximos que nos suban as pensións, que non nos mintan, queremos que constrúan un parque.* (*Os suxeitos do verbo principal e os do verbo en subxuntivo non coinciden.*)

C. Pídalles aos seus alumnos que completen o cadro coas formas do presente de subxuntivo que faltan. A seguir, realice unha posta en común e remítaos logo ao cadro de verbos regulares da epígrafe “Presente de subxuntivo” da sección de gramática, na páxina 69. Coméntelles que as formas regulares son moi semellantes ás do presente de indicativo, pero que hai un cambio na vogal final: os verbos da primeira conxugación (-ar) presentan un **e** en todas as persoas, mentres que os verbos da segunda (-er) e da terceira (-ir) presentan un **a**.

D. Agora explíquelles que algúns verbos son irregulares no presente de subxuntivo e lea en voz alta as doce formas que aparecen neste ítem (ou indíquelle a un voluntario que o faga). A seguir, pídalles aos estudantes que escriban o infinitivo correspondente a cada unha desas formas.

Solución

- | | | |
|------------------|-----------------|------------------|
| 1. <i>facer</i> | 5. <i>poder</i> | 9. <i>ir</i> |
| 2. <i>ser</i> | 6. <i>estar</i> | 10. <i>ter</i> |
| 3. <i>querer</i> | 7. <i>pedir</i> | 11. <i>traer</i> |
| 4. <i>ver</i> | 8. <i>saber</i> | 12. <i>dicir</i> |

Logo da posta en común, diríxaos á sección de gramática da páxina 69, e comente con eles as formas irregulares presentadas na epígrafe “Presente de subxuntivo”. Aproveite para mostrarlles tamén as epígrafes “Expresar desexos e reclamacións” e “Expresar necesidade”.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 106, exercicios 1 e 2.

4. POLOS ANIMAIS

Ler unha entrevista e expresar acordo ou desacordo cos argumentos presentados.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

No texto aparecen formas do pospretérito. Preséntelas como construcións fixas para propoñer solucións, sen pormenorizar neste momento a formación deste tempo verbal.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos estudantes se coñecen algunha organización que se signifique pola defensa e protección do medio, dos animais ou do patrimonio cultural, cales son as máis importantes do lugar no que viven e se colaboran con algunha. Recórdelles as palabras que viron na actividade anterior para referirse a unha organización deste tipo:

asociación, colectivo e grupo.

PROCEDEMENTOS

A. Invíteos a que lean a entrevista a Xonás López, presidente dunha imaxinaria asociación para a defensa dos animais. Dígalles que, ao longo da lectura, deberán ir marcando os argumentos cos que estean de acordo. Logo, anímeos a que formen un círculo e a que os comenten cos compañeiros.

B. Centre a atención dos seus alumnos nas expresións que aparecen resaltadas na entrevista e pídalles que se fixen se van seguidas dunha forma verbal en indicativo ou en subxuntivo.

Solución

*Todas van seguidas dunha forma verbal en subxuntivo, agás **É** verdade que.*

A continuación, anímeos a que fagan hipóteses sobre que diferenzas hai entre as expresións que necesitan un verbo en subxuntivo e as que o necesitan en indicativo.

Solución

As expresións que necesitan un verbo en subxuntivo expresan un xuízo ou unha valoración, mentres que as que piden unha forma verbal en indicativo presentan un feito como verdadeiro.

C. Pídalles agora que atopen no texto todas as expresións que sirvan para propoñer unha solución a un problema. Déalles uns minutos e realice logo unha posta en común.

Solución

Deberíamos ter...

Deberíase aprobar...

Habería que prohibilos...

Non pedimos tanto: só queremos que...

Despois da posta en común, remita os seus alumnos ás epígrafes “Valorar situacións e feitos” (na que deberá recordarlles que a elección entre o presente de subxuntivo e o infinitivo vai depender de se o verbo principal e o subordinado comparten suxeito ou non) e “Propoñer solucións e reivindicar” da sección de gramática, na páxina 69.

E DESPOIS

Interésese por saber se algún dos seus alumnos é membro dunha asociación. No caso de que haxa respostas afirmativas, pídalles aos demais estudantes que, en parellas ou en grupos de tres, preparen preguntas sobre a asociación, para logo, nunha especie de clase aberta, formularillas ao compañeiro.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 107, exercicios 3 e 4.



practicar
e comunicar

5. NOTICIAS

Comentar algúns titulares de xornal.

ANTES DE COMEZAR

Interésese pola maneira na que os estudantes acceden ao mundo da información. Pregúntelles se len o xornal e con que frecuencia o fan ou se prefiren outros medios como a televisión, a radio ou Internet.

PROCEDEMENTOS

A. Anime os seus alumnos a leren individualmente os titulares de xornal e a comentalos logo en parellas. Centre a súa atención na mostra de lingua, para que vexan como poden elaborar os seus diálogos. Como os estudantes observaron na actividade precedente o funcionamento das expresións de valoración, recomendámoslle que estea atento ás súas producións e que os axude cando sexa necesario.

B. Pídalles que, mantendo as mesmas parellas, inventen un titular dunha nova sobre calquera tema ou ámbito. Déalles uns minutos para facelo e, despois, propóñalle a un dos membros da parella que o lea en voz alta. A continuación, anime os demais a que fagan os comentarios que consideren oportunos sobre o titular. Repita o procedemento ata que se lean e se comenten todos os titulares.

E DESPOIS

Se lle é posible, leve á clase a gravación dalgún informativo da televisión, para que os seus alumnos o vexan e poidan comentar as novas que máis lles interesaron.

6. QUEN QUERE QUE O PROFESOR...?

Expresar desexos sobre o que acontece na aula.

ANTES DE COMEZAR

Indíquelles aos seus alumnos que manteñan o libro pechado. Logo, explíquelles que o centro no que estudan galego formulou un cuestionario para coñecer a opinión dos estudantes acerca de como van as clases e de como os

profesores desenvolven o seu labor. Non obstante, por un erro informático, desapareceron os verbos do documento.

Distribúalles fotocopias do cuestionario que aparece na **ficha 29-A**. A continuación, pídalles que conxuguen os verbos e que os coloquen no seu lugar correspondente. Cando rematen, realice unha posta en común, na que as frases deberán estar completas, tal e como aparecen no cadro do libro, a diferenza de que as formas verbais estarán no presente do indicativo. De todos os xeitos, acepte todas as construcións que sexan correctas. Unha vez que completen o cuestionario, pídalles que marquen **si** ou **non**, segundo a súa opinión.

Se considera oportuno que antes de pasar á actividade os estudantes realicen un pequeno exercicio de práctica da conxugación do presente de subxuntivo, ofrézalles unha fotocopia ampliada do cadro da **ficha 29-B**.

PROCEDEMENTOS

Dígalles aos seus alumnos que agora van saber como os compañeiros responderon o cuestionario. Pídalles que procuren algún compañeiro cuxa opinión se axuste ás expresadas no cadro do libro. Para iso, deberán converter en preguntas o contido dos oito puntos. Indíquelles que lles faciliten a información aos seus compañeiros de forma oral, no canto de deixarlles ver que opción marcaron no cuestionario e, para fomentar o contacto entre todos os estudantes, anímeos a que completen cada unha das celas cos nomes de compañeiros diferentes.

Por último, realice unha posta en común para saber o número total de estudantes que respondeu afirmativamente as preguntas.

E DESPOIS

Unha vez coñecidos os resultados do cuestionario, convide os estudantes a comentaren cada un dos seus temas. Se desexa aproveitar este momento para que practiquen outra das estruturas que se estudan nesta unidade, proporciónelles modelos como os seguintes para enriquecer as súas producións, mantendo o emprego do presente de subxuntivo:

- *Eu creo que é bo que nos corrixa moito porque...*
- *A min paréceme ben que explique moita gramática...*
- *Pois eu creo que non é bo que fale moi amodo. Paréceme que...*

7. TRES DESEXOS

Expresar tres desexos e comentar se son realizables e cando se poderán cumprir.

ANTES DE COMEZAR

Pídalles aos estudantes que se fixen no título da actividade. Logo, pregúntelles con que personaxes de contos pode estar relacionado e cales son as súas características. Entre as súas respostas, debe figurar que se pode tratar da **fada madrriña (como a da Cincenta ou a de Pinocho) ou do xenio**

da lámpada de Aladino, seres fantásticos que teñen poderes máxicos e que poden conceder desexos.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos que imaxinen que a súa fada madrriña lles concede tres desexos. Remítaos ao exemplo do libro e aclare que as súas peticións poden estar relacionadas co ámbito que eles prefiran. A continuación, indíquelles que escriban os seus desexos nunha folla e que lla entreguen a vostede.

B. Cando xa teña todas as follas, lea en voz alta os desexos de cada estudante. O grupo vai tentar adiviñar quen os escribiu e valorar se se poden realizar ou non. Lembre remitilos á mostra de lingua para guiar as súas producións.

C. Por último, pídalles que comenten cando cren que se poderán cumprir os seus desexos. Fágalles reparar en que se adoita empregar a construción **cando + presente de subxuntivo** se, polo xeral, consideramos o desexo realizable. Naqueles casos nos que pensamos que a realización dun feito é menos probable ou imposible, recorreremos normalmente a construcións condicionais:

- *Cando virás vivir ao campo?*
- *Pois non sei. Se algún día me canso da cidade...*

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 108, exercicio 8.

8. CARTA AO DIRECTOR

Ler e comentar unha mensaxe electrónica. Falar dos problemas da localidade na que están e propoñer solucións.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos: **Vivides nunha zona tranquila?** Escoite as súas respostas e interétese por saber, por exemplo, se hai moito tráfico, se pasan trens ou autobuses preto ou se hai moitos locais nocturnos.

PROCEDEMENTOS

A. Dígalles aos estudantes que un lector enviou unha mensaxe electrónica a un xornal para queixarse dun problema. Indíquelles que lean o texto e que digan se consideran que o remitente ten razón e como cren que debería actuar o concello.

A continuación, realice unha posta en común. Pode formar dous grupos (os que lle dan a razón a Carlos Paradela e os que non lla dan). Os integrantes de cada equipo deberán comentar os seus motivos entre eles e, logo, poderán presentarlle os seus argumentos ao outro grupo.

Para rematar esta fase da actividade, pídalles que comenten entre todos cal cren que debería ser a actuación do concello ante este problema.

B. Faga que os seus alumnos formen grupos de tres e que pensen cales son os problemas que ten o lugar no que

están. Asemade, ánimoos a que propoñan solucións para as cuestións que mencionen.

Por último, leve a cabo unha posta en común na que cada grupo expoña os problemas e as solucións que se lles ocorreron. Anime o resto dos estudantes a que opinen sobre as cuestións que formulen os seus compañeiros.

E DESPOIS

Se lle parece conveniente, pídalles aos estudantes que, como deberes para a casa, lle escriban unha carta ao director dun xornal, na que presenten unha queixa sobre algún dos problemas do lugar no que viven e que lles afecte directamente a eles.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 108, exercicio 7.

9. HOMES E MULLERES

Decidir se existe igualdade entre homes e mulleres. Escribir un manifesto.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Se o tema da tarefa final, a desigualdade entre homes e mulleres, non motiva os seus alumnos, permítalles escoller outro.

PROCEDEMENTOS

A. Divida os seus alumnos en dous grupos e pídalles que reflexionen acerca da igualdade entre homes e mulleres na sociedade actual. Pídalles que acheguen exemplos concretos de desigualdade relacionados cos ámbitos ofrecidos na actividade (a escola, o traballo, o fogar, a seguridade), así como con outros que se lles ocorran. Pídalles que os anoten.

B. Agora, cada un dos grupos ten que escoller as catro principais inxustizas entre as que se comentaron e apuntalas, xa que serán a base para o seguinte paso da actividade. Durante o proceso de negociación, acérquese aos diferentes grupos para axudarlles no necesario.

C. Propóñalles aos estudantes que imaxinen que ese día se celebra o Día Internacional da Muller e que eles pertencen a un colectivo para a igualdade entre homes e mulleres. Como tal, teñen que escribir un manifesto expondo os catro problemas máis graves no ámbito da desigualdade de xénero e propoñer solucións.

Remítaos á mostra do libro para proporcionarlles un punto de partida. Asemade, suxíralles que preparen unha pancarta con algunha reivindicación do seu colectivo.

D. Agora, pídalles aos dous equipos que escollan un voceiro para ler en voz alta o seu manifesto. Cando se lean os dous manifestos e se mostren as respectivas pancartas, anime os membros dos dous grupos a comentaren os problemas expostos e a viabilidade das solucións que se propuxeron.

E DESPOIS

Se lle parece oportuno, pode pedirllas aos seus alumnos que, individualmente ou en parellas, procuren información en Internet sobre a orixe da celebración do Día Internacional da Muller. Na próxima sesión, poden dedicar unha parte do tempo a poñeren en común as súas investigacións.



10. AS VOCES DA LIBERDADE

Ler e comentar un texto sobre a canción protesta e sobre o grupo Voces Ceibes. Falar doutras expresións artísticas que poden desempeñar o mesmo papel.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

O texto que figura no libro do alumno é unha adaptación dunha entrevista que un dos fundadores do colectivo musical Voces Ceibes, Benedicto García Vilar, lle concedeu a Mar Barros, do diario dixital *A nosa terra*, o 1 de febreiro de 2009. Se vostede considera necesario ampliar a información, pode consultar a versión completa na ligazón <http://www.anosaterra.org/nova/existe-unha-lenda-negra-sobre-voces-ceibes-.html>.

A canción protesta, tamén denominada canción social ou canción de autor, foi un importante movemento en contra da represión en distintos países do mundo. De contido reivindicativo, tivo moita sona durante as décadas dos 60 e 70 e caracterizouse sobre todo polo compromiso político e social dos que a cantaban ou compuñan. En galego, este tipo de canción chegou un pouco tarde, pero con moita forza, exactamente o día 26 de abril de 1968, cando miles de persoas acudiron ao paraninfo da Facultade de Medicina e aplaudiron apaixonadamente as voces do colectivo que se denominou, máis adiante, Voces Ceibes. O grupo estaba composto inicialmente por Benedicto, Xavier, Guillermo, Xerardo, Vicente, Margariña e Alfredo; persoas verdadeiramente comprometidas coas cuestións sociais e políticas da época, e que se empeñaron na loita pola autonomía da lingua galega.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos estudantes: **Á parte das manifestacións, que outros recursos credes que se poden utilizar como formas ou técnicas de protesta?** Espere que contesten e escriba no encerado as súas suxestións. É bastante probable que mencionen, entre outros, **folgas, ocupacións de propiedades alleas, pinturas con grafiti sobre espazos ou monumentos públicos, peches voluntarios, folgas de fame, cancións...** Se non fan alusión a este último recurso, fágao vostede.

PROCEDEMENTOS

A. Pregúntelles aos seus alumnos que saben da canción protesta e do colectivo Voces Ceibes. Se o considera necesario, aclare que *ceibe* é un sinónimo do adxectivo *libre*. Anímeos a que participen e escoite as súas respostas. Logo, coméntelles que van ler o texto e a entrevista a un dos fundadores do grupo.

Cando rematen, propóñalles que comprobén entre todos se as súas hipóteses eran acertadas e, de ser necesario, amplíe a información cos datos que lle facilitamos en “Observacións previas”.

B. Centre a atención dos estudantes na cantidade de persoas que se nomean no texto e na entrevista. Pregúntelles se coñecen algunha ou que información poden deducir delas a partir do contexto no que figuran. Na **ficha 30**, facilitámoslle información básica sobre cada unha delas. Se lle parece conveniente, pode distribuírlles fotocopias aos seus alumnos e pedirllas que lean os datos e que os comenten logo.

Para rematar, pregúntelles se saben dalgunha outra expresión artística que tamén se emprega a prol das causas ou reivindicacións sociais. Interésese polas súas respostas e, se ninguén é quen de dicir nada, pode mencionar exemplos como as máis **diversas exposicións** en contra das guerras e doutras inxustizas sociais, como a desigualdade de xéneros, a violencia machista, a exploración de menores, a destrución do medio etc.

E DESPOIS

Se dispón de Internet no centro onde imparte as clases de galego, móstrelles aos seus alumnos o vídeo dunha homenaxe a algúns membros de Voces Ceibes, na ligazón http://www.youtube.com/watch?v=_5bqKTdg0rc.

